

# Comunicarse

M<sup>a</sup> Jesús Bouzas Touriño

Desde nenos observamos, vemos e sentimos os diferentes cambios na nosa vida -como seres psicosociais-. Pero non todas as persoas valoran os cambios na súa vida de xeito positivo e frutífero, tanto para eles como para a sociedade. As persoas nobres e positivas atopan valores no propio cambio que en si e por si é bo e natural tal como sucede na adolescencia ou na vellez, os cambios sociais e culturais ou os industriais e tecnolóxicos. Trátase de enriquecer durante toda a vida con utilidade, eficacia e eficiencia, empregando para isto as ferramentas que cadaquén ten á súa man. A familia, a escola, o entorno social... Sen deixar de traballar formándose con tesón e paciencia para conseguir logros e, en definitiva, ser felices; sen culpar a ninguén dos fracasos e sen deixar tras de si pegadas de deshonra e ignorancia. Mais o camiño non é doado, calar era o consello máis común dos nosos maiores, non ten castigo, de sempre unha das virtudes dos homes. Mais ás

persoas nobres positivas, gozosas como á froita doce achéganselles as nespras e se estas aínda vexetan na árbore, é posible que até os nenos se atrevan a lles lanzar pedras. Non obstante, as persoas de corazón nobre, inclinadas sempre ao ben, aínda con nespreiros, pedradas e congostras no comiño, nunca permitirán no seu entorno o maltrato, o sufrimento, a inxustiza e a maldade.

Nestes intres de comunicación extensiva e de doada proxección abunda como nunca a calumnia que está en todas partes, aínda que non poidamos atopar o calumniador, que dedica a súa vida a transformar ideas, é egoísta e atrévese a pensar o que os demais pensan. As súas palabras regalan flores aos oídos daqueles que el sabe de antemán que non só o escoitan con agrado e atención, senón que seguirán a divulgación e proxección das calumnias. Deste xeito, estas esténdense con maior facilidade que a mellor das verdades, Jacinto Benavente nomea a

calumnia como a vinganza dos covardes, tamén fala do perdón e di que se compón de esquecemento, desprezo e comodidade.

Nestes tempos difíciles, non é aconsellable nin o esquecemento nin o desprezo nin a comodidade. De maneira especial pola nosa xuventude, non podemos ser indiferentes. Debemos comprometernos, ter en conta todo o acontecido nas nosas vidas, con nobreza devolver o bo recibido cando menos dúas veces e saber responder á falsidade, á traizón e á calumnia, mostrándoa á sociedade, non dúas senón tres veces para ben dos nosos mozos. Ata a nosa relixión perdoo ao ladrón devolvendo o roubado, así habería algo máis nas arcas do estado.

Calar por calar non é bo nin serve de nada. Comunicarse e coñecerse xera confianza e é unha necesidade para o home e, se se obra con nobreza, é unha gran satisfacción interior.